

Decreto 148/2008, do 26 de xuño, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Xuventude

Última versión

MODIFICACIONES

Lei 6/2012, do 19 de xuño

Derogado por disposición derogatoria única apartado 1.b)

O conxunto de mozas e mozos, con idades comprendidas entre 14 e 30 anos, representa o 20,72% da poboación galega. As Administracións públicas teñen a obriga de articular políticas destinadas a atender ás necesidades específicas da mocidade, contribuíndo a acadar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

O Goberno galego é sensible e consciente da importancia de articular políticas que teñan en conta as necesidades e aspiracións da mocidade, dado que se constatan as dificultades que teñen que afrontar para a plena participación e integración en todos os eidos da sociedade galega.

A transversalidade das políticas xuvenís é unha característica necesaria para que estas sexan realmente efectivas, o que implica a máxima colaboración de todos os departamentos da Xunta de Galicia, que deben ter presente os efectos que as políticas que deseñen e implementen teñen no conxunto da mocidade galega. A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, departamento ao que están adscritas as competencias en materia de xuventude, ten un claro papel de coordinación e impulso desta acción transversal en materias tan relevantes na vida da mocidade como son vivenda, emprego, igualdade de xénero, participación, cultura, saúde ou educación.

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, en virtude do Decreto 517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, é o departamento da Administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de xuventude, e, segundo o artigo 6 do mesmo Decreto 517/2005, correspóndelle á Secretaría Xeral do Benestar a xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de xuventude, adscribíndose á devandita Secretaría Xeral a Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade,



centro directivo dependente da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar que ten encomendadas a xestión e coordinación das actuacións da Secretaría Xeral do Benestar en materia de xuventude.

A Constitución española, no seu artigo 48, sinala que os poderes públicos promoverán as condicións para a participación libre e eficaz da xuventude no desenvolvemento político, social, económico e cultural.

O Estatuto de autonomía de Galicia establece no seu artigo 27 que lle corresponde á Comunidade autónoma galega a competencia exclusiva nas materias de fomento da cultura en Galicia, nº 19, promoción do deporte e a axeitada utilización do lecer, nº 22, e promoción do desenvolvemento comunitario, nº 24.

O Real decreto 2434/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de cultura, especifica no seu anexo I.B.3.h que aquela asume as competencias de promoción e organización de actividades de animación sociocultural no ámbito artístico, artesanal, turístico e de aire libre, dirixidas aos sectores da xuventude, infancia, terceira idade e sectores marxidados.

Polo Decreto 285/1989, do 16 de decembro, asúmense as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de promoción sociocultural, no ámbito da xuventude e desenvolvemento comunitario.

De conformidade co exposto, en virtude da Lei galega 2/1987, do 8 de maio, creouse o Consello da Xuventude de Galicia como entidade institucional representativa das organizacións xuvenís de Galicia, en defensa do asociacionismo xuvenil. No momento actual, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, consciente da importancia de crear órganos de participación, investigación e asesoramento que faciliten o desenvolvemento de políticas para mellora da calidade de vida da mocidade galega, respetando os fins e funcións do Consello da Xuventude de Galicia, propón, a través desta norma a creación do Observatorio Galego da Xuventude, órgano colexiado adscrito ao dito departamento, destinado a realización de estudos que permita a aplicación de políticas de xuventude que respondan ás necesidades e demandas de cada momento.

De conformidade co exposto, e en uso das facultades que teño conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do vicepresidente da Igualdade e do Benestar e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e seis de xuño de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Este decreto ten por obxecto crear e regular o Observatorio Galego da Xuventude, como órgano colexiado de participación, investigación e asesoramento das políticas de xuventude, adscrito ao departamento responsable en materia de xuventude.



Artigo 2º.-Obxectivos.

O Observatorio Galego da Xuventude terá como obxectivos básicos realizar estudos, informes e análises das necesidades e demandas da realidade da mocidade galega en cada momento e avaliar o impacto das políticas destinadas á mocidade que se poñan en marcha pola Xunta de Galicia.

Artigo 3º.-Funcións.

1. Sen prexuízo das funcións que lle correspondan ao Consello da Xuventude de Galicia, correspóndelle ao Observatorio Galego da Xuventude:

- a) Realizar estudos e investigacións que permitan afondar nun maior e mellor coñecemento da realidade xuvenil galega, como paso previo e indispensable para deseñar políticas xuvenís efectivas.
- b) Compilar a información que, de xeito directo ou indirecto, poida reflectir a realidade xuvenil galega.
- c) Asesorar sobre a mocidade galega a outras institucións ou centros informadores.
- d) Xerar un sistema de indicadores polos que se poida coñecer e medir o estado actual e o evolucionar das principais variables xuvenís a estudo.
- e) Realizar procesos de avaliación das políticas sociais dirixidas á poboación xuvenil.
- f) Introducir a perspectiva de xénero nas análises, estudos, investigacións e avaliacións que realice.
- g) Realizar propostas con base nos estudos e avaliacións realizadas, que favorezan a toma de decisións.
- h) Crear un fondo de documentación que favoreza a promoción de actividades de formación-información.
- i) Publicar e difundir os diferentes estudos e investigacións realizados.
- j) Elaborar informes de carácter periódico sobre a situación da mocidade galega.

Artigo 4º.-Estrutura.

1. O Observatorio Galego de Xuventude estará integrado polos seguintes membros:

- a) Presidencia, que será a persoa titular do departamento competente en materia de xuventude.



b) Vicepresidencia, que será a persoa titular da dirección xeral competente en materia de Xuventude.

c) Vogais:

-Un/unha director/a xeral ou secretario/a xeral, representante de cada consellería que de forma transversal teña actuacións que afecten a mocidade galega. Será nomeado polo titular do departamento correspondente. En caso de que un/unha director/a xeral ou secretario/a xeral non puidese asistir nomeará un substituto que terá categoría, como mínimo, de xefe/a de servizo ou subdirector/a.

-Unha/un representante do Instituto Galego de Estatística.

-Unha/un representante de cada unha das tres universidades galegas.

-Unha/un representante da Federación Galega de Municipios e Provincias.

-Dous representantes do Consello da Xuventude de Galicia.

d) Secretaria/o: unha/un funcionaria/o da dirección xeral competente en materia de xuventude con categoría de subdirector/a xeral que terá voz, pero sen voto.

2. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, por cada membro titular deberase designar un suplente para o caso de que aquel non puidese asistir. Na designación dos membros que non teñan a condición de cargos ou titulares de centros directivos, terase en conta a posibilidade de acadar unha representación equilibrada por sexos, consonte o previsto na Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes na Comunidade Autónoma de Galicia e Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

3. A presidencia do Observatorio poderá convocar a persoas de recoñecido prestixio e, en todo caso, a representantes das distintas consellerías cando se vaian debater asuntos da súa competencia.

4. A Presidencia poderalle propoñer ao Pleno a incorporación, ao Observatorio Galego da Xuventude, doutros organismos e entidades que sexan de interese para o seu mellor funcionamento.

A revogación da condición de membro do Observatorio terá lugar polo mesmo procedemento polo que foi designado ou proposto.

Artigo 5º.-Funcionamento do Observatorio.

1. O Observatorio Galego da Xuventude funcionará en Pleno e en Comisión.

2. O Pleno é o órgano superior integrado por todas as persoas que forman parte do Observatorio, de acordo coa composición establecida no artigo anterior.



3. O Pleno reunirse con carácter ordinario unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia.

4. A comisión é a encargada de executar os acordos do pleno e estará integrada polo titular do departamento competente en materia de xuventude ou persoa que a substitua de conformidade co artigo 4 deste decreto, o secretario do Observatorio Galego de Xuventude, e unha/un funcionaria/o, da dirección xeral competente en materia de xuventude.

5. A Comisión reunirse con carácter ordinario cada seis meses, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia.

Artigo 6º.-Funcións do Pleno.

1. Correspóndelle ao Pleno o exercicio das seguintes competencias:

- a) Aprobar a planificación anual do Observatorio Galego da Xuventude.
- b) Aprobar a memoria anual do Observatorio.
- c) Establecer os criterios xerais sobre materias relativa ás competencias do Observatorio.
- d) Calquera outra función respecto ao Observatorio Galego da Xuventude.

2. O Pleno poderá acordar a constitución, con carácter permanente ou temporal, de grupos de traballo para analizar aspectos concretos relacionados coa mocidade.

Artigo 7º.-Funcións da comisión.

Correspóndelle á comisión:

- a) Elaborar a planificación anual do Observatorio Galego da Xuventude.
- b) Elaborar, preparar e poñer á disposición do Pleno a información e documentación que solicite.
- c) Aqueloutras que o Pleno lle encomende.

Artigo 8º.-Funcións da Presidencia.

1. Correspóndelle á presidencia:

- a) Ter a representación do Observatorio.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias do Pleno e da comisión e fixar a súa orde do día.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e dirixir as deliberacións e votacións.



- d) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
 - e) Visar as actas e certificacións expedidas polo secretario.
 - f) Desempeñar calquera outra función que lle atribúa ao Pleno ou sexa inherente á súa condición de presidente deste.
2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, a presidencia será substituída pola vicepresidencia.

Artigo 9º.-Funcións da/o secretaria/o.

Correspóndelle a/o secretaria/o:

- a) Asistir ás reunións do Pleno e da comisión, con voz pero sen voto.
- b) Efectuar a convocatoria das sesións do Pleno e da comisión por orde da presidencia, así como as citacións aos membros deste.
- c) Preparar as reunións do Pleno e da comisión.
- d) Levantar acta das sesións.
- e) Expedir, co visto e prace da presidencia certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
- f) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano e, polo tanto, as notificacións, peticións de datos, rectificacións ou calquera outra clase de escritos dos que deba ter coñecemento.
- g) Cantas funcións sexan inherentes á súa condición de secretario/a.

Artigo 10º.-Réxime económico.

A constitución e posterior funcionamento do Observatorio Galego da Xuventude financiarase con cargo aos orzamentos do departamento competente en materia de xuventude, incluíndo os gastos das actividades que desenvolva, e non xerará aumento das dotacións orzamentarias nos orzamentos xerais da Xunta de Galicia.

Artigo 11º.-Estrutura administrativa.

A xestión e funcionamento do Observatorio Galego da Xuventude serán realizadas cos medios humanos e materiais do departamento competente en materia de xuventude e do Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil.

Artigo 12º.-Réxime xurídico.



O Observatorio Galego da Xuventude poderá establecer as súas propias normas de funcionamento sen prexuízo do establecido neste decreto e no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Disposición derogatoria

Única.-

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste decreto e, en particular o artigo 98 punto 1 d), do Decreto 50/2000, do 20 de xaneiro, polo que se refunde e actualiza a normativa vixente en materia de xuventude, e aqueles outros que poidan contradicir esta normativa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-

Facúltase a persoa titular do departamento competente en materia de xuventude para que dite cantas disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste decreto.

Segunda.-

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, vinte e seis de xuño de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño

Presidente

Anxo Manuel Quintana González

Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

